

O texto que ven a continuación está incluído nas [guías informativas e de especificacións](#) das probas de certificación do nivel correspondente.

14. RESULTADOS

Cada escola determinará e informará da data exacta de publicación dos resultados.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir 81,25 puntos. O alumnado que non acadar o mínimo de 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de ter que examinarse na convocatoria extraordinaria das destrezas non superadas, poderá examinarse tamén daquelas destrezas nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir 16,25 puntos. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na convocatoria extraordinaria e que aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

A escola oficial de idiomas na que se realiza a proba expediralles o correspondente certificado no caso de *intermedio B1*. Para obter este certificado acreditativo, a persoa candidata non terá que realizar ningún trámite. A EOI, logo de emitir os ditos certificados, realizará a comunicación oportuna. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por proposta da escola oficial de idiomas na que se realiza a proba, expediralles o correspondente certificado de (*nivel intermedio B2, avanzado C1 ou avanzado C2, segundo corresponda*) a aquelas persoas candidatas que superasen estas probas, unha vez que a persoa candidata o solicite e aboe os prezos públicos correspondentes á expedición do dito certificado na secretaría do centro examinador.